



Criterios para a selección de candidaturas ás axudas para a consolidación investigadora convocadas por resolución da Axencia Estatal de Investigación de 7 de outubro de 2022 (BOE do 11 de outubro de 2022)

Con data de 11 de outubro de 2022 o Ministerio de Ciencia e Innovación publicou a convocatoria de axudas para incentivar a consolidación daquel persoal investigador que conte coa certificación I3 e que estea acreditado para algunha figura de profesorado permanente. Dado que a convocatoria establece como requisito que as persoas candidatas ocupen un posto permanente desde unha data posterior ao 22 de decembro de 2021 ou ben que exista un compromiso por parte da universidade de crear e cubrir un posto permanente nos vindeiros dous anos, é necesario establecer uns criterios que permitan seleccionar o persoal elixible para concorrer a esta convocatoria.

Tendo en conta as bases e a finalidade da convocatoria, propóñense os seguintes criterios para a selección das candidaturas con que a USC concorrerá a ela:

1. Poderá presentarse a esta convocatoria o persoal investigador que dispoña do certificado I3 (ou que o teña solicitado e pendente de resolución), que conte con acreditación ás figuras de profesorado contratado doutor ou titular de universidade e que se encuentre nalgunha das seguintes situacións:

- a) Persoal investigador que accedeu a unha praza de profesorado contratado doutor ou titular con posterioridade ao 22 de decembro do 2021.
- b) Persoal investigador para cuxa estabilización se crearon prazas de profesorado contratado doutor ou titular na Planificación de 2022.
- c) Persoal investigador que ocupa actualmente unha praza de profesorado axudante doutor.
- d) Persoal investigador que solicite a súa incorporación en áreas con previsión de necesidades docentes estruturais nos vindeiros tres anos.

2. As candidaturas correspondentes as apartados c) e d) do punto anterior deberán contar co compromiso do Departamento de solicitar unha praza de contratado doutor ou titular no caso de conseguiren a axuda de consolidación.

3. Non poderá optar a esta convocatoria de consolidación o persoal investigador do programa Ramón y Cajal xa estabilizado ou pendente de estabilización, dado que esta axuda é incompatible coa dotación económica que recibe a Universidade para a creación de postos de traballo de carácter permanente. Exceptúase o persoal investigador seleccionado no marco da convocatoria 2021 (incorporación 2022) e que estea adscrito a áreas con previsión de necesidades docentes estruturais nos vindeiros tres anos.